

ROGO DE AER SOBRE PUBLICCIÓN DE SOLDOS

PLENO 6 MAIO 2014. ACTA 6/2014

No pleno do 6 de xuño de 2013, aprobouse unha moción de AER para que se publicara na páxina web do Concello o que cobra cada grupo e cada concelleiro/a da Corporación, tanto pola seu labor de concelleiro/a coo pola súa participación noutros órganos da administración pública.

Consultada a páxina web do Concello, vemos que os datos dos salarios polo seu posto de concelleiros/as xa están publicados, así como as dietas do alcalde por ser representante no Concello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo (314,68€ netos por cada unha das sesións).

Observamos que a información é difícil de atopar na web do Concello e temos que dicir que está incompleta. Non sabemos a cantas sesión do Concello de Administración da Autoridade Portuaria asistiu o alcalde, e tamén faltan as retribucións dos concelleiros/as que teñen ou tiveron un posto na Deputación, polo que dende AER **rogamos que se complete a táboa da información das retribucións da Corporación municipal, tende ademais un fácil acceso a elas, dotándoa dun enlace destacado na páxina principal do web do Concello.**